



Galicia

GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA polo TEU

ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 646

Semana do 28 de setembro ao 4 de outubro de 2015

A TAXA DE COBERTURA POR DESEMPREGO ESTÁ EN MÍNIMOS, CADA VEZ SON MÁIS AS PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS E, INCLUSO, AS CONTRIBUTIVAS BAIXAN PROGRESIVAMENTE AS SÚAS CONTÍAS. URXE A POSTA EN MARCHA DA PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS QUE UGT ESTÁ A IMPULSAR A TRAVÉS DUNHA ILP

EN GALICIA FIXÉRONSE CASE 90.000 CONTRATOS EN SÓ UN MES, O QUE AMOSA OS ALTOS NIVEIS DE ROTACIÓN LABORAL E PRECARIIDADE

Redacción.- Os datos do paro feitos públicos hoxe, e referidos ao mes de setembro, amosan xa un cambio de tendencia, con respecto aos meses precedentes, basicamente, porque remata a temporada estival, período que tradicionalmente está marcado por altos niveis de contratación. Así, o paro volve a medrar, o 0,9 por cento, 2.005 persoas desempregadas máis, cando no conxunto do Estado o aumento foi do 0,64 por cento. Deste xeito, hai 215.737 desempregados en Galicia e 4.094.042 en todo o Estado.

En relación a hai un ano, o desemprego baixou un 9,4 por cento, 22.466 desempregados menos.

Tamén se observa unha contracción na poboación en idade de traballar pola saída de poboación cara fóra e o retorno dos inmigrantes cara os seus países de orixe. De feito, segue a caída do desemprego dos estranxeiros, nun 6,13 por cento interanualmente.

Por sexos, o paro medra en ambos, o 0,11 por cento entre os homes e o 1,63 por cento entre as mulleres. En relación ao ano anterior, o paro baixou máis entre os homes, o 12,95 por cento, que entre as mulleres, o 6,34 por cento. De aquí dedúcese que a senda da leve mellora do mercado laboral beneficia moito máis aos homes, a desigualdade segue presente.

En canto aos territorios, o paro medra en todas as provincias, salvo en Ourense, onde baixa o 0,25 por cento. En Lugo sube un 2,39 por cento, en Pontevedra o 1,64 por cento e en

A Coruña o 0,21 por cento. En relación a hai un ano baixa en todas, o 10,01 por cento en A Coruña, o 9,88 por cento en Pontevedra, o 7,66 por cento en Lugo e o 7,15 por cento en Ourense.

Entre os menores de 25 anos o desemprego medrou nun 3,25 por cento, moito máis acusadamente que no conxunto de idades. Sen embargo, no ano cae un 20,43 por cento, pola saída de efectivos de Galicia, ao non atopar un futuro laboral claro, e tamén polo cambio poboacional.

Por sectores, o paro cae en todos, salvo en servizos, que é o auténtico responsable do crecemento do desemprego polo fin da temporada estival. 3.260 persoas paradas máis no sector servizos que non se compensan coa caída noutros sectores. Na industria o paro baixa un 1,31 por cento e o 2,84 por cento na construción.

A contratación medra un 15,26 por cento no mes, fronte ao 43,87 por cento do Estado. No ano incrementáronse os contratos nun 9 por cento pero caen os indefinidos nun 0,13 por cento e incrementáronse os temporais nun 9,7 por cento. A porcentaxe de indefinidos sobre o total no mes segue a ser de tan só un 6,96 por cento, case dous puntos máis baixa que no Estado. Un dato moi significativo para entender os altos índices de rotación laboral e precariedade que existen en Galicia é o número de contratos que se asinaron nun só mes, 87.553. Isto evidencia a incapacidade do mercado laboral para consolidar o emprego que se crea.

No referente ás coberturas por desemprego, as eivas cada vez son maiores. As prestacións sitúanse en mínimos. A cifra de beneficiarios é de 106.539 (taxa de cobertura do 54,6, fronte ao 58,9 estatal). Destes, tan só o 41,4 por cento cobran prestacións contributivas, fronte ao 45,52 por cento de hai un ano. O que evidencia que as prestacións por desemprego en Galicia teñen cada mes que pasa máis un carácter asistencial. Isto quiere dicir que son inferiores, en canto á contía, e, ademais, denotan a perda progresiva de dereitos pola cronificación do desemprego.

As contías medias das prestacións contributivas cada mes que pasa tamén son máis baixas, de 758,9 euros en agosto de 2015 aos 761,7 de hai un ano.

A día de hoxe hai en Galicia 107.193 parados sen ningún tipo de cobertura, co forte risco de exclusión social e pobreza que isto supón.

Por iso, para intentar paliar esta situación, UGT está a impulsar, a través dunha ILP a prestación de ingresos mínimos, para a cal o Sindicato xa comezou a recollida das firmas necesarias. Porque é de lei rescatar ás persoas e combater as desigualdades.

Finalmente, a análise da media de afiliados á Seguridade Social en Galicia indica que é de 957.472, caendo no mes nun 0,59 por cento, cunha evolución contraria ao que sucede no Estado, onde sube un 0,05 por cento. Galicia continúa afastada do millón de afiliados de antes da crise.

É DE LEI

prestación de ingresos mínimos para

2 MILLONS DE PERSOAS

INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR

Leva a túa sinatura ao Congreso

eu asino!

rescatar ás persoas combater a desigualdade

UNHA SOCIEDADE LIBRE E DEMOCRÁTICA NON SE PODE CONCIBIR SEN O ACCESO A EMPREGOS DIGNOS

A CES insta á UE para facer máis fronte á crise de refuxiados



Redacción.- O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, que participou estes días no 13 Congreso da Confederación Europea de Sindicatos (CES), interveu no segundo panel de debate que se desenvolveu baixo o título “Emprego de calidade para todos”.

Nesa mesa, na que se analizou como debe afrontar o movemento sindical europeo a grave crise de emprego que sofren os países de Europa, Méndez manifestou que “o primeiro que habería que facer é recuperar o obxectivo do pleno emprego, que existe nos Tratados da Unión pero abandonouse nos discursos. E o que se mantén nos discursos, é o emprego de calidade, pero só se mantén nos discursos. As políticas non teñen ese obxectivo real”.

“Habería que recuperar ese compromiso político”, sinalou, “pero, para iso, para saír do buraco, habería que deixar de cavar, ou o que é o mesmo, abandonar políticas que conectan de maneira moi directa coas políticas de Reagan e Thatcher nos anos 80”.

Cándido Méndez subliñou que “a recesión económica en Europa levou ás últimas consecuencias as políticas de Reagan e Thatcher: rebaixa de impostos, debilitamento dos sindicatos, desregulación, privatizacións, de maneira tal que se abandonou a filosofía do crecemento e substituíuse pola ideoloxía do mercado, considerando como motor do crecemento o mercado e o aumento das desigualdades.

“Iso”, resaltou, “trouxo consecuencias como que en España -un país que a Comisión Europea pon de exemplo- entre 2008 e 2014 perdéronse cinco millóns de empregos indefinidos, a parte da des-

trución de emprego temporal que se produciu”.

“En España”, explicou, “hai crecemento positivo e estamos a crear emprego, pero é grazas a que as políticas monetarias do BCE, a baixada do prezo do petróleo, a paridade de euro-dólar están a favorecernos, non as reformas laborais que se impuxeron na etapa de recesión e que o que provocaron foi unha degradación xeral da contratación laboral, unha contratación precaria que provocou un aumento da desigualdade brutal no noso país”.

O secretario xeral de UGT lembrou que “o emprego de calidade é equivalente a democracia e a igualdade” pero tamén “de mellora da produtividade, da economía e de innovación”.

“Porque unha sociedade libre e democrática e unha sociedade de iguais no século XXI non se pode concibir sen o acceso a empregos dignos”, recalcou.

A Confederación Europea de Sindicatos insta á Unión Europea a facer máis fronte á crise de refuxiados

A resolución destaca o apoio da CES aos valores europeos fundamentais de respecto á vida e á dignidade humana e opónse a actitudes populistas e xenófobas e defende unha auténtica cooperación entre os Estados membros da UE para aceptar o número adecuado de refuxiados en liña coa letra e espírito dos Tratados.

Neste sentido, no documento instase os Estados Membros a que prosigan traballando xuntos nun espírito de solida-

riedade construtiva, baixo o liderado das institucións europeas e condena aos gobernos que actualmente optan por estar á marxe dun enfoque común na recolocación dos solicitantes de asilo.

A CES condena enerxicamente a construción de barreiras ou valos así como calquera medida que poña en perigo a dignidade humana, os dereitos humanos ou a integridade física das persoas.

Ademais, sinala que a Axenda da Comisión Europea para facer fronte á crise de refuxiados é visiblemente insuficiente dada a crecente dimensión do problema, especialmente nas rutas dos Balcáns do Leste e no Mar Mediterráneo.

Débesse facer máis: todas as persoas teñen dereito á protección, á seguridade económica, á liberdade relixiosa e política e ao acceso ás infraestruturas de saúde e educación nunha sociedade que protexe estas liberdades.

A CES aproba unha moción de urxencia en defensa do dereito de folga e a liberdade sindical en España

O Congreso da Confederación Europea de Sindicatos (CES) aprobou unha moción de urxencia en defensa do dereito de folga e a liberdade sindical en España.

O texto, proposto por IndustriALL Europa, en nome das federacións de Industria de UGT e CCOO, rexeita enerxicamente os ataques contra os dereitos fundamentais dos traballadores no noso país e denuncia a persecución duns 300 representantes sindicais sancionados por exercer o seu dereito a folga.

STOP Á AVARICIA EMPRESARIAL

Redacción.- Este ano a Xornada Mundial do Traballo Decente, que celebramos o 7 de outubro, desenvólvese baixo o lema: "Stop á avaricia empresarial. Precariedade e baixos salarios é igual a máis desigualdade e máis pobreza".

O movemento sindical internacional denuncia, nesta convocatoria, a permisividade dos gobernos ante os abusos empresariais que buscan conseguir beneficios rápidos, á conta dos dereitos laborais e sociais.

Desta forma están a configurarse mercados de traballo cada vez máis desregulados, onde campan a precariedade e os baixos salarios, e, como consecuencia, están a dispararse os niveis de desigualdade e pobreza.

No noso país, exemplo dunha malentendida austeridade impulsada na eurozona como receita para saír da crise, foi o propio Goberno, a través dunha reforma do mercado de traballo imposta, o que desequilibró as relacións laborais en favor dos empresarios e o que degradou as condicións de traballo.

O desemprego atenaza a máis de 4 millóns de persoas, máis dun 25% dos asalariados son temporais, cada vez son máis os traballadores que teñen un contrato a tempo parcial (1,8 millóns de ocupados) os salarios baixaron máis de 7 puntos desde 2011 e continúa o alarmante incremento dos parados de longa duración (3,2 millóns de persoas buscan traballo desde hai máis dun ano e 2,3 millóns desde hai máis de dous anos), a metade dos cales non cobra xa ningunha prestación.

Estes datos son un reflexo do que revelan distintos informes: que España é un



dos países da UE onde máis creceron as desigualdades nestes anos de crises.

Con todo, os Orzamentos Xerais do Estado deseñados polo Goberno para 2016 insisten nas mesmas políticas, a pesar de que a xeración de emprego de calidade e a redución das situacións de pobreza deberían ser as prioridades indiscutibles da mesma. Crecer a calquera prezo non é a receita para consolidar un crecemento sustentable.

É necesario un cambio de rumbo cara unha recuperación sustentable que fomente unha redistribución xusta da riqueza.

Só así será posible consolidar unha saída duradeira da crise, que repercuta nunha paulatina mellora do benestar de todas as persoas, e en especial daquelas que peor o están pasando.

UGT e CCOO, con motivo desta Xornada Mundial polo Traballo Decente, esiximos:

*Situación ás persoas no centro das políticas. Isto implica apostar por empregos de calidade, con dereitos e salarios dignos.

*Reverter as últimas reformas laborais, en especial a de 2012 e os seus sucesivos desenvolvementos, que institucionalizaron a precariedade nas relacións laborais.

*Fortalecer o sistema de prestacións por desemprego, incorporando simultaneamente unha prestación de ingresos mínimos tal e como expuxemos UGT e CCOO a través dunha Iniciativa Lexislativa Popular.

*Reformar o sistema de políticas activas de emprego, cun Servizo Público de Emprego reforzado financeira, humana e tecnoloxicamente como institución central e garante do sistema.

*Mellorar as redes de protección social garantindo un Estado de benestar no que se recupere a universalidade da sanidade e a educación e se garante o poder adquisitivo aos pensionistas.

*Recuperar dereitos cidadáns en todos os ámbitos nos que se recortaron.

*Retirar a reforma da Lei de Seguridade Cidadá e do Código Penal e do artigo 315.3 do mesmo.

POSICIÓN DA CES RESPECTO DA CONFERENCIA DO CLIMA COP21

Redacción.- Os delegados no Congreso da (CES) participaron nunha acción-foto co lema: "Os nosos empregos dependen do noso planeta", reafirmando a súa demanda para que a Unión Europea siga desempeñando un papel de liderado na loita contra o cambio climático, con motivo da Conferencia sobre o clima que terá lugar en París no mes de decembro.

Para o movemento sindical europeo, este cume debe ofrecer un acordo claro e firme, con compromisos de todas as partes para 2030, co fin de obter unha folla de ruta crible que combine o obxectivo de emisións a longo prazo con

obxectivos intermedios a nivel global. Ademais, débese acelerar o cumprimento dos compromisos xa existentes, como o Protocolo de Kyoto.

A transición xusta e o traballo decente deben ser parte do acordo que salga da conferencia, cunha axenda social que inclúa empregos de calidade, maior participación dos traballadores en todos os ámbitos da empresa e maior protección social e laboral.

Para manter esta loita mundial contra o cambio climático, os países desenvolvidos deben manter os compromisos financeiros que fi-

xeron en Copenhague, como un imposto sobre as transaccións financeiras ou a eliminación gradual das subvencións que son máis prexudiciais para o medio ambiente. Pero, ademais, debe promoverse o investimento privado para chegar a implantar unha economía social e ambientalmente responsable.

As organizacións sindicais teñen un papel importante nesta materia. Por elo, durante a conferencia débese promover e asegurar o fortalecemento dos sindicatos na loita contra o cambio climático e nas decisións para adoptar. O novo marco climático debe respectar os dereitos humanos e dos traballadores

CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO MAIOR, A UNIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS DE UGT REUNIUSE COS GRUPOS PARLAMENTARIOS

Redacción.- O día 1 de outubro, conmemorouse o Día internacional das persoas maiores e, con motivo desta data, unha delegación da Unión de Xubilados e Pensionistas (UXP) de UGT-Galicia, encabezada polo seu secretario xeral, Valentín Tato, reuniuse cos grupos parlamentarios do BNG, AGE, PSdeG-PSOE e PP no Pazo do Hórreo, en Santiago.

Ademais, entregouse á Mesa do Parlamento, a través de rexistro, o manifesto que se achegou aos propios grupos parlamentarios no que se fai unha análise da situación actual dos maiores no noso país, como están a sufrir a crise e as súas principais reivindicacións nesta data.

Reivindicacións que pasan pola rectificación da nova fórmula de revalorización das pensións e que esta se axuste ao establecido na Lei 27/2011. Tamén se pon de manifesto que a brecha entre os que máis teñen e os que menos cada día que pasa é maior. Na actualidade, cífrase en máis de catro millóns de pensionistas os que están por baixo do limiar da pobreza, deles, tres millóns cobran menos de 420 euros ao mes, cando as pensións públicas xogan un papel fundamental na demanda interna de bens e servizos, contribuíndo ao crecemento e reactivación da economía.

Neste mesmo senso, sinálase que a actual crise puxo en evidencia a inadecuación do sistema de garantías de renda, polo que é imprescindible reformular políticas e reforzar o actual sistema de protección social. Así, UGT esixe o establecemento dunha prestación de ingresos mínimos, para o cal xa iniciou unha campaña de recollida de firmas co obxectivo de desenvolver unha ILP.

Tamén se reivindica a derogación das reformas e o freo aos recortes que se están impondo en materia sanitaria, así como, o actual modelo de copago farmacéutico.

No referente á dependencia, a UXP denuncia que máis do 40 por cento dos servizos son prestados por cuidadores informais e que os recortes nesta materia son continuos.

Outra das demandas é un tipo súper reducido de IVE para todos os bens vinculados á alimentación e á enerxía. Neste senso, esíxelle ao Goberno medidas eficaces contra a pobreza enerxética, establecendo un auténtico



bono social para a electricidade e o gas.

No relativo ao Fondo de reserva da Seguridade Social, a súa situación é alarmante e, de seguir gastando 12.000 millóns anuais só para afrontar pagas extraordinarias este podería esgotarse. A UXP-UGT considera que unha Administración responsable debería facer o necesario para non chegar a esta situación límite e para garantir que se destinan a pensións os recursos suficientes, comparables aos que xa se dedican nos países da nosa contorna, ao redor do 13,5 por cento do PIB, fronte ao pouco máis do 10 por cento neste país.

OS EXEMPREGADOS DA FÁBRICA DE ARMAS CONTINUÁN COAS MOBILIZACIÓNS FRONTE Á DELEGACIÓN DO GOBERNO

Redacción.- Os extraballadores da Fábrica de armas de A Coruña anunciaron que prolongarán as mobilizacións fronte á Delegación do Goberno os días 2, 9 e 16 de outubro entre as 12 e as 13.00 horas.

Dende MCA-Coruña réclámase un proxecto industrial sólido e viable para a factoría coruñesa e tamén se pide unha reunión co delegado do Goberno, Santiago Villanueva, na que lles informe de todo o relativo á

empresa concesionaria da factoría, Hércules de Armamento.

O Sindicato non está de acordo co xeito de actuar da nova concesionaria.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT
ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

ACORDO CON VODAFONE TRAS ACEPTAR A EMPRESA AS PETICIÓNS DOS SINDICATOS

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores e o sindicato STC, maioritarios en Vodafone e Ono, decidiron asinar a última e definitiva oferta presenta pola empresa o pasado día 28, tras unha complexa e delicada negociación na que, finalmente, aceptáronse, en gran parte, as peticións iniciais dos representantes dos traballadores.

O número de afectados, a voluntariedade e as prexubilacións foron os nosos alicerces de negociación. Con todo, tamén buscamos a implementación para o resto do persoal dunhas medidas que consigan garantir a homoxeneización das súas condicións como garantía ante unha posible aplicación unilateral, por parte da empresa, dos mecanismos establecidos por lei ante unha absorción nun futuro próximo.

Por elo, non renunciamos a garantías sobre xornada, incrementos salariais ou plans de pensións.

Tras analizar a proposta e sometela ao xuízo dos nosos afiliados e traballadores, UGT tomou a decisión de asinar este inxusto expediente de regulación de emprego tras a aceptación, por parte da empresa,



das demandas expostas pola maioría da mesa negociadora, grazas ás cales se conseguiu diminuír o número de afectados, incrementar o número de días para a indemnización, abrir un proceso de voluntariedade e prexubilacións, así como, asentar as bases do próximo convenio e unha suba salarial para o ano 2016 do 2%.

A Unión Xeral de Traballadores entende que, tras a firma deste acordo, mitigáronse os efectos que xeraría sobre o persoal a implantación dun expediente de regulación de emprego unilateral en base ao que marca o actual marco legislativo.

SMC denuncia a continua precarización do ferrocarril que nesta ocasión vai levar á supresión de novos servizos na liña Ferrol-Ribadeo

Redacción.- (SMC-UGT) vese na obriga de denunciar, unha vez máis, a precarización do servizo de ferrocarril que vai provocar, a partir do mes de outubro, a supresión dun servizo diario entre Ferrol e Ribadeo, así como, outro en sentido inverso. Un servizo máis que desaparece pola falta de persoal e pola falta de interese porque o ferrocarril sexa un servizo público, social e de calidade.

Neste senso, lémbrese que hoxe, como ven sucedendo todos os venres dende o 18 de setembro, os traballadores de Renfe e Adif de todo o Estado protagonizarán dúas horas de paros. Aquí, SMC quere aclarar que, se ben é certo que os traballadores de ambas empresas están inmersos nun proceso de negociación dos seus respectivos convenios colectivos, os paros e folgas van moito máis aló de denunciar o enquistamento da parte empresarial nos seus posicionamentos.

As mobilizacións van máis aló de meras reivindicacións salariais ou laborais. Supoñen a petición do mantemento dun ferrocarril público e de calidade; dun emprego público e de calidade para o ferrocarril, así como, a denuncia das privatizacións e externalizacións.

OS AXENTES CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MOBILÍZANSE DE NOVO PARA DENUNCIAR O DESMANTELAMENTO DO SERVIZO E PEDIRLLE DIÁLOGO Á XUNTA

Redacción.- Os traballadores do servizo público de defensa contra incendios forestais concentráronse este xoves fronte á sede da Xunta para reclamarlle á Consellería de Medio Rural e do Mar diálogo e negociación xa e denunciar, unha vez máis, o desmantelamento progresivo que está a sufrir este servizo.

Na rolda de prensa previa á mobilización, lembraron que urxe a apertura dunha mesa de negociación, petición que xa se fixo pola vía formal o pasado mes de xullo, sen obter resposta. E, ante este silencio, e tras miles de hectáreas arrasadas polos lumes, repetiuse a petición no mes de setembro. De novo, a calada por resposta.

Os traballadores denuncian a precari-

zación nas condicións laborais; as inaceptables taxas de temporalidade, o elevado número de prazas vacantes sen cubrir e a negativa a recoñecer a categoría de bombeiro forestal.

Ademais, advirten que a as políticas de disgregación progresiva dunha parte do dispositivo e a privatización doutra están a comprometer o traballo dos profesionais na defensa do medio rural de Galicia.

Os traballadores afirmaron que, lamentablemente, o tempo “nos deu a razón, un mal modelo de prevención e extinción tivo como consecuencia unha mala campaña”.



Insisten en que urxe a convocatoria dunha mesa de negociación na que se aborden estes puntos fundamentais, a cobertura de vacantes, a convocatoria da oferta pública de emprego do servizo, estabilidade laboral e recoñecemento da categoría de bombeiro profesional.